

medida alternativa prevista no artigo 2.1.c), poderá modificar a determinación das entidades beneficiarias».

O artigo 2.1.c) do real decreto mencionado inclúe entre as medidas alternativas que as empresas poderán aplicar para cumprir a obriga de reserva de emprego a prol das persoas con discapacidade, a «realización de doazóns e de accións de patrocinio, sempre de carácter monetario, para o desenvolvemento de actividades de inserción laboral e de creación de emprego de persoas con discapacidade, cando a entidade beneficiaria destas accións de colaboración sexa unha fundación ou unha asociación de utilidade pública, cuxo obxecto social sexa, entre outros, a formación profesional, a inserción laboral ou a creación de emprego a prol das persoas con discapacidade que permita a creación de postos de traballo para aquelas e, finalmente, a súa integración no mercado de traballo».

A experiencia dos últimos anos demostra que o fomento do deporte das persoas discapacitadas é unha vía moi importante de integración social destas, e que o fomento do deporte de alta competición ten, en xeral, e para eses efectos, un valor engadido de difusión e de incentivo das prácticas deportivas.

E, por outro lado, a práctica do deporte con vistas á competición, e, en particular á alta competición, demostrouse que tamén é moi importante, se vai acompañada do desenvolvemento de determinados programas, como vía de inserción laboral dos deportistas. Nese sentido, as experiencias xa existentes, a través de diversos programas, para a inserción laboral dos ex-deportistas, ofreceron resultados moi positivos. Experiencias e resultados que tamén existen, aínda que cun menor grao de desenvolvemento, para o deporte paralímpico. Así, a porcentaxe de recolocación global dos deportistas incluídos nos programas levados a cabo por determinadas entidades, supera o 88%, o que pon de manifesto o resultado positivo que para a integración no mercado de traballo dos deportistas poden ter programas de formación e de inserción destes durante e ao remate da súas actividades deportivas.

Na súa virtude, e en uso das atribucións concedidas na disposición derradeira primeira do mencionado Real decreto 364/2005, do 8 de abril, dispoño:

Artigo único.

As fundacións e asociacións de utilidade pública a que se refire o artigo 2.1.c) do Real decreto 364/2005, do 8 de abril, poderán destinar os fondos recibidos en virtude das doazóns e accións de patrocinio recollidas no dito precepto, ao financiamento de proxectos dirixidos ao desenvolvemento do deporte paralímpico, mediante a subscripción dos oportunos convenios co Comité Paralímpico Español, a Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familias e Discapacidade e co Consello Superior de Deportes, e sempre que estes proxectos inclúan programas e accións de inserción laboral, de formación para o emprego e de recolocación dos deportistas discapacitados.

Os servizos públicos de emprego serán competentes para o seguimento dos proxectos a que se refire o parágrafo anterior, desde o punto de vista do respecto das finalidades de integración laboral que debe inspirar estes.

Disposición derradeira.

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de agosto de 2005.

CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

Sra. Secretaria de Estado de Servizos Sociais, Familias e Discapacidade.

15292 *CORRECCIÓN de erros da Orde TAS/2741/2005, do 30 de agosto, pola que se ditan normas para a aplicación do disposto no artigo 3 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos producidos no sector agrario pola seca e outras adversidades climáticas. («BOE» 221, do 15-9-2005.)*

Advertido erro na Orde TAS/2741/2005, do 30 de agosto, pola que se ditan normas para a aplicación do disposto no artigo 3 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos producidos no sector agrario pola seca e outras adversidades climáticas, publicada no Boletín Oficial del Estado, suplemento n.º 9 en lingua galega, do 1 de setembro de 2005, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 1317, segunda columna, no artigo 2.1.a), parágrafo segundo, onde di: «A acreditación dos danos sufridos pola seca seca realizarase mediante a documentación expedida para o efecto por ...», debe dicir: «A acreditación dos danos sufridos pola seca realizarase por calquera medio de proba admitido en dereito e, en especial, mediante a documentación expedida para o efecto por ...».

15366 *REAL DECRETO 1041/2005, do 5 de setembro, polo que se modifican os regulamentos xerais sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social; sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social; de recadación da Seguridade Social, e sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, así como o Real decreto sobre o patrimonio da Seguridade Social. («BOE» 222, do 16-9-2005.)*

Distintos aspectos da xestión da Seguridade Social cuxa competencia está atribuída á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, tales como a inscrición e a afiliación e a cobertura dos riscos profesionais e a incapacidade temporal derivada de continxencias comúns, xa sexa formalizada pola propia Tesouraría como en relación coa subscripción das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, a cotización e liquidación, así como a recadación dos seus recursos e, finalmente, o patrimonio da Seguridade Social, son obxecto de regulación por diversas disposicións regulamentarias, de carácter xeral, aprobadas mediante real decreto.

Trátase dos reais decretos 1221/1992, do 9 de outubro, sobre o patrimonio da Seguridade Social; 2064/1995, do 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social; 84/1996, do 26 de xaneiro, aprobatorio do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, e 1415/2004, do 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

A experiencia e a progresiva mellora técnica na xestión das materias indicadas, por unha parte, e a incidencia nalgunhas delas de distintas novidades e reformas normativas, así como da xurisprudencia social e conten-

cioso-administrativa formada ao respecto, por outra parte, fan preciso introducir modificacións concretas nos reais decretos a que se fixo referencia, co fin de actualizar e dotar de maior eficacia a xestión por eles regulada.

En relación coa colaboración na xestión da prestación económica por incapacidade temporal por parte das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, cómpre proceder á reforma de determinados artigos do regulamento polo que se regula esta colaboración, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, co obxecto de adecuar a súa redacción á competencia das direccións provinciais do Instituto Nacional da Seguridade Social para a determinación da continxencia causante da referida situación de incapacidade temporal, confirmada mediante reiterada xurisprudencia da Sala do Social do Tribunal Supremo.

Razóns de operatividade e economía normativa fan aconsellable abordar as reformas regulamentarias antes expostas mediante unha única disposición do mesmo rango.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de setembro de 2005,

DISPÓN O :

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.*

O Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo parágrafo 6.º ao número 1 e modifícanse os números 3 e 4 do artigo 10, que quedan redactados do seguinte modo:

«6.º Respecto do persoal interino ao servizo da Administración de xustiza, terá a consideración de empresario o departamento ministerial, organismo ou dependencia do que aquel perciba os seus haberes, sexa do Estado ou da comunidade autónoma que recibise os traspasos de medios persoais para o funcionamento da dita Administración.»

«3. No réxime especial de empregados de fogar, considerarase empresario o titular do fogar familiar ou cabeza de familia, xa o sexa efectivamente ou como simple titular do domicilio ou lugar de residencia en que se presten os servizos domésticos. Cando esta prestación de servizos se realice para un grupo de persoas que, sen constituír unha familia nin unha persoa xurídica, convivan con tal carácter familiar na mesma vivenda, asumirá a condición de titular do fogar familiar ou cabeza de familia a persoa que teña a titularidade da vivenda que habite ou aquela que asuma a representación do grupo, que poderá recaer de forma sucesiva en cada un dos seus compoñentes.

4. No réxime especial dos traballadores do mar considerarase empresario o navieiro, armador ou propietario de embarcacións ou instalacións marítimo-pesqueiras, as agrupacións portuarias de interese económico e as empresas prestadoras do ser-

vizo portuario básico de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías, as corporacións de prácticos de portos ou entidades que as substitúan, así como a calquera outra persoa física ou xurídica, pública ou privada, que empregue traballadores incluídos no campo de aplicación deste réxime especial, como as cooperativas do mar, as confrarías de pescadores e as súas federacións e os traballadores autónomos respecto dos traballadores ao seu cargo.

Tamén teñen a consideración de empresarios para efectos da inclusión neste réxime especial as consignatarias de buques, axencias de embarque marítimo ou cantas outras persoas físicas ou xurídicas con domicilio en España contraten e remuneren traballadores residentes en España para prestaren servizos en buques de pavillón estranxeiro, incluídas as empresas españolas participantes en sociedades pesqueiras mixtas constituídas noutros países; todo isto sen prexuízo do que poida resultar dos convenios ou acordos internacionais subscritos por España.»

Dous. O parágrafo 3.º do número 2 do artigo 11 queda redactado nos termos seguintes:

«3.º En todo caso, na propia solicitude de inscrición ou en declaracións anexas a ela, o empresario, cando concerte separadamente a protección por continxencias profesionais ou a cobertura da prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns, fará constar a entidade xestora e/ou a entidade ou entidades colaboradoras polas que opta para a cobertura de tales continxencias, así como a actividade económica da empresa.

Así mesmo, o empresario fará constar, na propia solicitude de inscrición ou en declaracións anexas a ela, cantos datos sexan precisos para a formalización do documento de cobertura pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social cando a opción para a protección por continxencias profesionais ou para a cobertura da prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns a realice unha entidade xestora. No caso de que para a protección ou cobertura indicadas se optase por unha ou varias mutuas, estes datos comunicaránse-lles directamente a estas.»

Tres. Suprímese o parágrafo segundo do punto 2.º do número 3 do artigo 14, e o punto 3.º queda redactado nos termos seguintes:

«3.º Se a opción ou opcións do empresario fosen a favor dunha ou varias mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social remitiralle á mutua ou mutuas interesadas, mediante os procedementos informáticos que determine o citado servizo común, información sobre a inscrición do empresario.

Unha vez cubertos pola mutua, esta remitiralle ao empresario un exemplar do documento de asociación e, se é o caso, do documento de cobertura anexo, nos termos establecidos no número 3.2.º anterior, dentro dos 15 días seguintes ao da súa recepción e con indicación do correspondente código de conta de cotización.»

Catro. O punto 4.º do número 1 do artigo 17 queda redactado nos termos seguintes:

«4.º Nos supostos en que os empresarios contratistas e subcontratistas teñan o deber de informar a Tesouraría Xeral da Seguridade Social conforme o

establecido no artigo 42 do Estatuto dos traballadores e nas normas que o desenvolven.»

Cinco. Engádese un novo terceiro parágrafo ao número 1 do artigo 21 coa redacción que se indica a continuación, pasando o actual parágrafo terceiro a constituír o cuarto:

«Igualmente, o número da Seguridade Social a que se refiren os parágrafos anteriores asignáraselle ás persoas físicas ou xurídicas e ás entidades sen personalidade, como suxeitos responsables do ingreso de cotas e conceptos de recadación conxunta con elas ou doutros recursos da Seguridade Social.»

Seis. O número 3 do artigo 30 queda redactado nos termos seguintes:

«3. Nas solicitudes ou procedementos especiais para a baixa dos traballadores, ademais dos datos de identificación do traballador, incluído o número da Seguridade Social, figurará a data da baixa, a súa causa e os datos relativos ás peculiaridades en materia de cotización e acción protectora e, tratándose de traballador por conta allea, deberán constar os datos de identificación do empresario, incluído o código de conta de cotización ao que figure adscrito o traballador cuxa baixa se solicita e, se é o caso, a data de finalización das vacacións anuais devengadas e non desfrutadas e que sexan retribuídas no momento da finalización da relación laboral.»

Sete. Engádese un novo parágrafo terceiro ao ordinal 2.º do número 1 do artigo 35, coa seguinte redacción:

«Non obstante, canto a actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social consista nun requirimento de pagamento de cotas ou actas de liquidación definitiva en vía administrativa, sempre que se efectuase o ingreso do seu importe, os efectos da alta retrotraeranse, para causar futuras prestacións, á data de inicio do período de liquidación figurado no requirimento ou acta.»

Oito. O artigo 39 queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 39. *Relativas á práctica das inscricións, afiliacións, altas, baixas e variacións presentadas por medios técnicos ou en Administración da Seguridade Social distinta á do domicilio.*

1. Cando as solicitudes de inscrición de empresarios e as de afiliación, alta e baixa de traballadores e de variacións de datos duns e outros se presenten por medios electrónicos, informáticos e telemáticos consideraranse presentadas e resoltas na Administración da Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social na cal o solicitante fose autorizado para a súa formulación por tales medios técnicos.

2. Non obstante o disposto nos artigos 4, 12.1.1.º, 27.1.1.º, 32.2 e 33.1 deste regulamento xeral, cando as solicitudes de inscrición de empresarios e as de afiliación, alta e baixa de traballadores e de variacións de datos duns e outros se presenten, mediante modelos normalizados, nunha Administración da Seguridade Social distinta daquela na cal o suxeito obrigado á súa formulación teña o seu domicilio, a Administración que as recibise poderá practicar a inscrición, afiliación, alta, baixa ou variación de datos de que se trate.

Unicamente as solicitudes formuladas en modelos normalizados sobre as que a Administración da Seguridade Social ante a que se presentasen non poida ditar no propio acto de presentación a resolución expresa que proceda porque se teñan que ter en conta feitos, alegacións ou probas distintos dos aducidos polos interesados naquelas solicitudes, remitíranse á Administración da dirección provincial da tesouraría na cal o suxeito obrigado á súa formulación teña o seu domicilio.»

Nove. Engádeselle un segundo parágrafo ao número 1 do artigo 41, coa redacción que se indica a continuación, pasando o actual parágrafo segundo a constituír o terceiro:

«No suposto de realización simultánea de dúas ou máis actividades que dean lugar á inclusión no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, a alta no dito réxime, así como a cotización a este, serán únicas e practicaránse por aquela das actividades que elixa o propio interesado. Non obstante, se este optase por acollerse á cobertura das contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, aplicarase o disposto no número 3.1.º do artigo 47 deste regulamento xeral.»

Dez. O artigo 42 queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 42. *Da afiliación e alta dos estranxeiros.*

1. Para efectos da afiliación e a alta para a súa inclusión no sistema e no correspondente réxime de Seguridade Social nos termos previstos na lei, equipáranse aos españois os estranxeiros que residan ou se encontren legalmente en España e obtivesen unha autorización administrativa previa para traballar, nos casos en que sexa legal ou regulamentariamente exixible.

Para tal inclusión, as solicitudes de afiliación e alta dos traballadores estranxeiros, tanto por conta propia como por conta allea, deberán ir acompañadas da documentación acreditativa da súa nacionalidade e, a excepción daqueles aos que lles resulte de aplicación a normativa comunitaria, da correspondente autorización para traballar ou do documento que acredite a excepción da obriga de obtela, ademais dos datos e documentos requiridos para as dos traballadores españois.

2. Con independencia do disposto no número anterior, os traballadores por conta allea estranxeiros de países que ratificasen o convenio número 19 da Organización Internacional do Traballo, do 5 de xuño de 1925, que presten os seus servizos sen encontrarse legalmente en España e sen autorización para traballar ou documento que acredite a excepción á obriga de obtela, consideraranse incluídos no sistema español de Seguridade Social e en alta no réxime que corresponda para os únicos efectos da protección fronte ás contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais. Isto enténdese sen prexuízo da aplicación, para os mesmos efectos de protección, do principio de reciprocidade expresa ou tacitamente recoñecida.

Os estranxeiros que, precisando de autorización administrativa previa para traballar, desempeñen unha actividade en España carecendo desta autorización, non estarán incluídos no sistema da Seguridade Social, sen prexuízo de que se poidan considerar incluídos para efectos da obtención de determinadas prestacións de acordo co establecido na lei.»

Once. Engádesse un segundo parágrafo ao ordinal 1.º do número 3 do artigo 47, coa redacción que se indica a continuación, pasando o actual parágrafo segundo a constituír o terceiro:

«No suposto de que os traballadores que optasen pola cobertura das continxencias profesionais realicen varias actividades que dean lugar a unha única inclusión neste réxime especial, estas inclusión e cobertura practícaranse por aquela das súas actividades á que resulte aplicable a epígrafe de cotización máis alta entre as recollidas no anexo 2 do Real decreto 2930/1979, do 29 de decembro, polo que se revisa a tarifa de primas para a cotización á Seguridade Social por accidentes de traballo e enfermidades profesionais. Para tal efecto, os traballadores deberán formular unha declaración das súas distintas actividades ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social no momento de exercer a opción pola protección por continxencias profesionais ou, de producirse a pluriactividade despois desa opción, nos termos e cos efectos sinalados nos artigos 28 e 37 deste regulamento, e daráselle conta dela á entidade colaboradora coa que se formalice ou se formalizase a cobertura das referidas continxencias.»

Doce. O artigo 50 queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 50. *No réxime especial para a minaría do carbón.*

Os empresarios, nos documentos para solicitar a alta dos seus traballadores no réxime especial para a minaría do carbón, deberán facer constar a categoría profesional e o coeficiente redutor da idade de xubilación aplicable a eles.

Así mesmo, no prazo establecido no número 3.2.º do artigo 32 deste regulamento xeral, deberánlle comunicar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social as variacións de tales datos, con independencia da causa que as motive, así como os días en que os traballadores faltasen ao traballo por causas que non sexan as que teñan por motivo a baixa médica por enfermidade común ou profesional e accidente, sexa ou non de traballo, e as autorizadas polas normas laborais correspondentes con dereito a retribución.»

Trece. O número 2 do artigo 63 queda redactado nos termos seguintes:

«2. Os actos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social nas materias reguladas neste regulamento poderán ser impugnados na forma, prazos e demais condicións establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.*

O Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 2 do artigo 19 queda redactado nos termos seguintes:

«2. Cando nas liquidacións de cotas por continxencias profesionais presentadas polas empresas

que teñan subscrito documento de asociación cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, así como nas liquidacións de cotas por continxencias comúns e por conceptos de recadación conxunta con elas se aplicasen a compensación de prestacións aboadas en réxime de pagamento delegado ou as deducións a que se refire o artigo 17, aínda que sexan de concepción automática por imperio da lei, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social efectuará a comprobación das operacións aritméticas figuradas nos datos ou documentos de cotización e cada entidade xestora ou servizo común da Seguridade Social ou entidade colaboradora desta comprobará a procedencia e exactitude das compensacións e deducións aplicadas nos datos ou documentos de cotización cando estas sexan con cargo ao seu respectivo orzamento.

Para estes efectos, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social remitiralle á entidade xestora ou colaboradora interesada na xestión das distintas continxencias e conceptos de recadación conxunta tales datos ou documentos para que aquela proceda á comprobación e control da exactitude das deducións e compensacións. Esta entidade daralle conta, se é o caso, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social das resolucións firmes ditadas ao respecto para a reclamación administrativa do importe que proceda.»

Dous. As alíneas b), c) e d) do número 1.B) do artigo 23 quedan redactadas nos seguintes termos:

b) Non terán a consideración de percepcións económicas en especie os bens, dereitos ou servizos especificados no número 2 do artigo 46 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2004, do 5 de marzo, así como nos artigos 41, 42, 43 e 44 do seu regulamento, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, nos termos e condicións establecidos nos ditos artigos.

c) As percepcións en especie, para efectos de cotización, valoraranse na forma establecida para cada unha delas no artigo 47 do citado texto refundido e nos artigos 45 e 46 do regulamento aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo.

d) As cantidades en diñeiro ou os produtos en especie entregados polo empresario aos seus traballadores como doazóns promocionais e, en xeral, coa finalidade exclusiva de que un terceiro celebre contratos con aquel, non se incluírán na base de cotización, sempre que estas cantidades ou o valor dos produtos non excedan da contía equivalente a dúas veces o importe do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) mensual vixente en cada exercicio, sen incluír a parte correspondente das pagas extraordinarias.»

Tres. Os parágrafos segundos das alíneas a), b) e c) do número 2.A) do artigo 23 quedan redactados nos termos seguintes:

«Estes gastos de manutención e estadia non se computarán na base de cotización cando se encontrén exceptuados de gravame conforme os números 3, 4, 5 e 6 do artigo 8.A) do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo.»

«Os gastos de locomoción, tanto se o empresario os satisfai directamente como se resarce deles o traballador, estarán excluídos da base de cotización nos supostos e co alcance establecidos nos puntos A), 2, 4, 5 e 6 e B) do artigo 8 do Regulamento do

imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo.»

«En todo caso, estes complementos, que para efectos de cotización unicamente necesitarán xustificación cando estean estipulados individualmente en contrato de traballo, estarán excluídos da base de cotización sempre que a súa contía non exceda no seu conxunto do 20 por cento do IPREM mensual vixente no momento do devengo, sen incluír a parte correspondente a pagas extraordinarias, computándose, noutro caso, nesa base o exceso resultante.»

Catro. O parágrafo segundo do número 2.C) do artigo 23 queda redactado nos termos seguintes:

«Estas cantidades e indemnizacións quedarán excluídas da base de cotización cando, computadas no seu conxunto, non excedan do 20 por cento do IPREM mensual vixente no momento do devengo, sen incluír o rateo das pagas extraordinarias. No suposto de percibirse con periodicidade superior á mensual, aquelas serán rateadas nos termos indicados no punto 1.A) deste artigo e quedarán excluídas da base de cotización cando non excedan do 20 por 100 do dito IPREM mensual, sen incluír a parte correspondente das pagas extraordinarias.»

Cinco. A alínea b) do punto 2.D) do artigo 23 queda redactado nos termos seguintes:

«b) Os produtos en especie concedidos voluntariamente polas empresas serán valorados conforme o disposto no punto 1.B).c) deste artigo e quedarán excluídos da base de cotización sempre que a súa valoración conxunta non exceda do 20 por cento da contía do IPREM mensual vixente no momento do seu devengo, sen incluír a parte correspondente a pagas extraordinarias. O exceso sobre a contía indicada será computado na base de cotización.»

Seis. A alínea b) do punto 2.F) do artigo 23 queda redactado nos seguintes termos:

«b) Nas asignacións asistenciais a que se refire esta alínea consideraranse incluídas as seguintes:

1.º A entrega aos traballadores en activo, de forma gratuíta ou por prezo inferior ao normal de mercado, de accións ou participacións da propia empresa ou doutras empresas do grupo de sociedades, na parte que non exceda, para o conxunto das entregadas a cada traballador, de 12.000 euros anuais e nas demais condicións establecidas no artigo 41 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo.

2.º As cantidades destinadas a satisfacer gastos de estudos do traballador ou asimilado dispostos por institucións, empresarios ou empregadores e financiados directamente por eles para a actualización, capacitación ou reciclaxe do seu persoal, cando veñan exixidos polo desenvolvemento das súas actividades ou as características dos postos de traballo, incluso cando a súa prestación efectiva a efectúen outras persoas ou entidades especializadas.

Cando estes gastos non veñan exixidos polo desenvolvemento daquelas actividades ou características e sexan debidos por norma, convenio colectivo ou contrato de traballo, sempre que se xustifique a súa realización e contía serán considerados retribucións en especie nos termos establecidos no número 1.B) deste artigo.

En ambos os supostos, os gastos de manutención e estadia así como de locomoción rexeranse polo previsto nas alíneas a) e b) do número 2.A) deste artigo.

3.º As entregas de produtos a prezos rebaxados que se realicen en cantinas ou comedores de empresa ou economatos de carácter social, tendo a dita consideración as fórmulas directas ou indirectas de prestación do servizo, admitidas pola lexislación laboral, nas cales concorran os requisitos establecidos no artigo 43 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo.

Non obstante, se por convenio colectivo resultase posible a substitución do servizo de comedor por entrega en diñeiro, esta unicamente formará parte da base de cotización no exceso resultante da aplicación das regras contidas nos números 1 e 2.1.º do dito artigo.

4.º A utilización dos bens destinados aos servizos sociais e culturais do persoal empregado, tendo esta consideración, entre outros, os espazos e locais, debidamente homologados pola Administración pública competente, destinados polos empresarios ou empregadores a prestar o servizo de primeiro ciclo de educación infantil aos fillos dos seus traballadores, así como a contratación do dito servizo con terceiros debidamente autorizados.

5.º As primas ou cotas satisfeitas polo empresario en virtude de contrato de seguro de accidente laboral, enfermidade profesional ou de responsabilidade civil do traballador, así como as primas ou cotas satisfeitas por aquel a entidades aseguradoras para a cobertura de enfermidade común do traballador e, para este último caso, nos termos e cos límites establecidos nos artigos 46.2.f) do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e 44 do regulamento do dito imposto.

6.º A prestación do servizo de educación preescolar, infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional por centros educativos autorizados, aos fillos dos seus empregados, con carácter gratuíto ou por prezo inferior ao normal de mercado.

7.º Aqueloutras asignacións que expresamente se establezan por lei ou en execución dela.

As asignacións a que se refiren os números anteriores, que reúnan os requisitos e ata as contías que neles se indican, non terán a consideración de percepcións en especie para efectos do disposto no número 2.D) deste artigo. O exceso sobre esas contías será obxecto de inclusión na base de cotización.»

Sete. O título da sección 2.ª do capítulo III queda redactado nos termos seguintes:

«SECCIÓN 2.ª ACHEGAS AOS SERVIZOS COMÚNS DA SEGURIDADE SOCIAL»

Oito. O artigo 75 queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 75. *Suxeitos obrigados a realizar estas achegas.*

1. Están obrigadas a efectuar as achegas establecidas para o sostemento dos servizos comúns da Seguridade Social as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social que, conforme o disposto no artigo 68 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20

de xuño, colaboren na xestión das continxencias profesionais, a fin de contribuír ao financiamento do custo da asunción polas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social das funcións que tiñan atribuídas os extinguidos servizos comúns e sociais desta.

2. Así mesmo, están obrigadas a efectuar estas achegas as empresas autorizadas para colaborar voluntariamente na xestión da asistencia sanitaria e da incapacidade temporal derivadas das continxencias de accidente de traballo e enfermidade profesional, co fin de contribuír ao financiamento do custo do desempeño das funcións dos servizos comúns da Seguridade Social e como contribución, así mesmo, aos demais gastos xerais do sistema e á satisfacción das exixencias da solidariedade nacional, de acordo co disposto no número 5 do artigo 77 do citado texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.»

Novo. O artigo 78 queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 78. *Criterios para a liquidación de capitais custo de pensións e outras prestacións.*

1. A determinación do valor actual do capital custo das pensións, así como do importe dos xuros de capitalización, da recarga por falta de aseguramento e, se é o caso, da recarga por ingreso fóra de prazo e do xuro de demora que procedan e que deban ingresar as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social ou as empresas declaradas responsables de prestacións ao seu cargo, será efectuada pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2. Para a determinación dos capitais custo de pensións e outras prestacións económicas de carácter periódico, derivadas tanto de continxencias comúns como profesionais, das que sexan declaradas responsables as empresas e as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social por resolución administrativa ou xudicial, polos conceptos que integran a dita responsabilidade conforme o artigo 69 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aplicaranse no cálculo actuarial os seguintes criterios técnicos:

a) As táboas de mortalidade e supervivencia utilizadas deberán ser representativas do risco ao que está sometido o colectivo ao que se van aplicar e estar axustadas mediante técnicas estatísticas, actuariais ou ambas. Estas táboas, que se actualizarán ou reelaborarán antes do transcurso de 20 anos contados desde a data a que están referidos os datos de poboación utilizados na súa elaboración, serán aprobadas polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, o cal poderá engadir os criterios técnicos adicionais que considere necesarios para unha máis precisa valoración financeiro-actuarial, así como actualizar periodicamente tales criterios.

b) O tipo de interese técnico ou de actualización aplicable seleccionárase con criterios de prudencia e de acordo con previsións de evolución da economía a longo prazo, de forma que permita obter uns valores estimados con desviacións mínimas sobre os valores reais observados. O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais fixará a taxa nominal de xuro técnico aplicable.

c) A taxa de revalorización de prestacións aplicada deberá gardar a necesaria coherencia co tipo de xuro técnico a que se refire o parágrafo anterior, de forma que a taxa real resultante se axuste convenientemente ás condicións do contorno económico.

Esta taxa de revalorización fixarase anualmente o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

3. As táboas e taxas de xuro e, se é o caso, de revalorización, a que se refire o número anterior, serán así mesmo aplicables pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social nas liquidacións de capitais custo de pensións e outras prestacións económicas de carácter periódico distintas das do sistema de Seguridade Social, nos supostos en que así se establece ou non se atribúa expresamente a súa determinación a outro organismo daquela.

4. O importe das cantidades a tanto alzado ou prestación de contía fixa ou periódica non vitalicias, das que fosen declaradas responsables as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social ou as empresas, será determinado pola resolución ou acordo en que se recoñeza o dereito a elas. Cando estas prestacións non se lles deban pagar directamente aos beneficiarios, senón a través da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, esta unicamente efectuará as operacións aritméticas de liquidación necesarias para a recadación do importe total daquelas, conforme o disposto nos artigos 69 e seguintes do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, sen prexuízo das funcións de comprobación e control que, sobre as prestacións debidas a accidentes de traballo e enfermidades profesionais, lle están atribuídas.»

Artigo terceiro. *Modificación do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.*

O Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, modifícase nos seguintes termos:

Un. O segundo parágrafo do número 1 do artigo 71 queda redactado nos seguintes termos:

«Os reintegros ou devolucións a que se refire o parágrafo anterior imputaranse con cargo ao orzamento da respectiva entidade xestora da Seguridade Social, salvo a parte do capital custo de renda non consumida que será obxecto de devolución con cargo ao orzamento da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, cando o tiver percibido.»

Dous. O segundo parágrafo do número 1 do artigo 75 queda redactado nos termos seguintes:

«O importe destes reintegros ou devolucións imputaranse con cargo ao orzamento da citada entidade xestora da Seguridade Social, salvo a parte do capital custo de renda non consumida que será obxecto de devolución con cargo ao orzamento da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, cando o tiver percibido.»

Tres. O número 3 do artigo 92 queda redactado nos termos seguintes:

«3. Non se embargarán os bens de cuxa realización se presuma, a xuízo do recadador executivo, que o seu produto debe resultar insuficiente para a cobertura do custo da dita realización, o que se fará constar no expediente por medio de dilixencia. Non obstante, se unha vez practicado o embargo quedase acreditada a dita circunstancia, o recadador executivo, logo de autorización do director provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, poderá realizar o levantamento do embargo practicado, do que deixará constancia no expediente mediante a oportuna dilixencia.»

Catro. O número 2 do artigo 96 queda redactado nos termos seguintes:

«2. Se se trata de depósitos de diñeiro constituídos en contas denominadas a prazos, o embargo efectuarase conforme as regras establecidas no número anterior, pero o ingreso das cantidades retidas deberase realizar na data indicada nel ou ao día seguinte do fin do prazo establecido, segundo cal sexa posterior. Non obstante, se o depositante obrigado ao pagamento estivese facultado para dispor anticipadamente do diñeiro depositado, ao notificar a dilixencia de embargo advertiráselle da posibilidade que ten de facer uso de tal facultade fronte á entidade depositaria, segundo as condicións que se establecesen e, se fixer uso desta facultade, o ingreso na conta da Tesouraría Xeral da Seguridade Social producirase ao día seguinte da cancelación; en tal caso, minorarase o saldo na cantidade que proceda pola disposición anticipada.»

Cinco. O número 2 do artigo 120 queda redactado nos termos seguintes:

«2. Se no acto de celebración de poxa concorre algunha persoa interesada en participar na licitación que non presentase en prazo oferta en sobre pechado nin constituído o depósito necesario, poderá ser admitida a participar nela se constitúe no acto un depósito do 30 por cento do tipo fixado para a poxa. Para tal fin, abrírase un prazo polo tempo imprescindible para que os que desexen licitar constituían o depósito necesario, advertíndolles que, en tal caso, se entenderá ofrecida unha licitación igual ao 75 por cento do tipo de poxa. Non será admitida como licitador ningunha persoa desde que a mesa fixe pública a existencia de licitacións presentadas por escrito.»

Seis. O primeiro parágrafo do número 3 do artigo 120 queda redactado nos termos seguintes:

«3. Feita pública pola presidencia a existencia ou non de ofertas presentadas por escrito, con indicación dos lotes ou bens a que afecten, con carácter previo á apertura dos sobres que as conteñan convocará os licitadores para que formulen de viva voz ofertas iguais ou superiores ao 75 por cento do tipo de alleamento, coa participación, se é o caso, dos que presentaron a súa oferta en sobre pechado, que se identificarán neste momento, e serán anunciadas polo secretario as sucesivas ofertas que se vaian facendo con suxeición aos tramos fixados. A poxa darase por terminada cando, repetida ata por terceira vez a máis alta, non haxa quen a supere, adjudicándose o ben ao mellor ofertante, se non houberse ofertas en sobre pechado.»

Sete. A alínea a) do número 5 do artigo 120 queda redactada nos termos seguintes:

«a) Aprobarase o remate en favor da mellor oferta, cando esta supere o 60 por cento do tipo da poxa ou cando, sendo inferior, cubra polo menos o importe da débeda, incluíndo recargas, xuros e custas causadas. Neste último caso e tratándose de bens inmobles, non procederá a súa adjudicación cando a mellor oferta sexa inferior ao 25 por cento do tipo de poxa.»

Oito. Engádesse un segundo parágrafo ao artigo 7 do artigo 120, coa seguinte redacción:

«O director provincial, excepcionalmente e en atención á valoración das circunstancias concorrentes en canto a importe da débeda, valor dos bens e posibilidades de cobramento, poderá acordar no

suposto previsto neste punto a adjudicación directa dos bens non adjudicados nos termos establecidos polo Regulamento xeral de recadación, así como o mantemento das anotacións preventivas de embargo en canto non se produza a extinción definitiva do crédito perseguido.»

Artigo cuarto. *Modificación do Real decreto 1221/1992, do 9 de outubro, sobre o patrimonio da Seguridade Social.*

O Real decreto 1221/1992, do 9 de outubro, sobre o patrimonio da Seguridade Social, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o parágrafo segundo e engádesse tres novos parágrafos, terceiro, cuarto e quinto, no número 4 do artigo 12, coa seguinte redacción:

«Cando o uso ou desfrute dun inmovible se encontra compartido por dúas ou máis entidades xestoras da Seguridade Social, a administración e participación destas nos gastos sinalados no parágrafo anterior determinarase mediante acordo ou protocolo de actuación suscrito entre elas.

Cando o inmovible sexa utilizado parcialmente pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a súa administración corresponderá ao dito servizo común, o cal, mediante acordo coas demais entidades usuarias, poderá determinar a participación nos gastos sinalados.

No suposto de que o inmovible utilizado se encontra arrendado a un terceiro, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social exercerá a súa administración, como titular dos dereitos derivados dos contratos de arrendamento. Se o uso do inmovible estivese compartido, a participación nos gastos poderase levar a cabo mediante o acordo entre as entidades usuarias.

En defecto dos acordos ou protocolos de actuación a que se refiren os parágrafos anteriores, a administración do inmovible será exercida pola entidade que utilice maior superficie do inmovible e a participación nos gastos ratearase entre as entidades usuarias en proporción á superficie que ocupe cada unha delas no inmovible.»

Dous. Os números 1, 2 e 3 do artigo 15 quedan redactados nos termos seguintes:

«1. O alleamento de bens inmobles do patrimonio da Seguridade Social requirirá a previa autorización do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais cando o seu valor económico, segundo taxación pericial, non exceda de 20 millóns de euros e a do Consello de Ministros nos demais casos.

2. No expediente de alleamento deberá incluírse a taxación pericial do inmovible que para tal efecto se efectuase. En todos os casos o prezo de venda do inmovible deberá ser igual ou superior á dita taxación.

3. O alleamento de bens inmobles realizarase mediante poxa pública. Non obstante, logo de autorización do Consello de Ministros ou do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais segundo o valor do inmovible sinalado no número 1, o alleamento poderase levar a cabo mediante adjudicación directa nos seguintes supostos:

a) Cando o adquirente sexa outra Administración pública ou, en xeral, calquera persoa de dereito público ou privado do sector público. Para estes efectos, entenderase por persoa xurídica de dereito privado pertencente ao sector público a sociedade mercantil en cuxo capital sexa maioritaria a partici-

pación, directa ou indirecta, dunha ou varias administracións públicas ou persoas xurídicas de dereito público.

b) Cando o adquirente sexa unha entidade de carácter asistencial sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, ou ben se trate dunha igrexa, confesión ou comunidade relixiosa legalmente recoñecida.

c) Cando fose declarada deserta unha poxa pública ou esta resultase falida como consecuencia do incumprimento das súas obrigas por parte do adxudicatario, sempre que non transcorrese máis dun ano desde a súa celebración. En caso de incumprimento polo adxudicatario, poderase realizar o alleamento a prol do licitador que presentase a seguinte oferta máis vantaxosa ou proceder ao seu alleamento directo, cuxas condicións non poderán ser inferiores das anunciadas previamente ou daquelas en que se producise a adxudicación.

d) Cando se trate de predios rústicos que non cheguen a constituír unha superficie economicamente explotable ou non sexan susceptibles de prestar unha utilidade acorde coa súa natureza e a venda se efectúe a un propietario estremeiro.

e) Cando a titularidade do ben ou dereito corresponda a dous ou máis propietarios e a venda se efectúe a prol dun ou máis copropietarios.

Cando varios interesados se encontraran nun mesmo suposto de adxudicación directa, resolverase atendendo ao interese xeral concorrente no caso concreto.»

Tres. O número 2 do artigo 16 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Os bens inmobles do patrimonio da Seguridade Social que non resulten necesarios para o cumprimento dos seus fins e respecto dos cales se acredite a non conveniencia do seu alleamento ou explotación poderán ser cedidos en uso para fins de utilidade pública ou de interese da Seguridade Social polo ministro de Traballo e Asuntos Sociais, por proposta do director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e logo de comunicación á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

Se os bens inmobles cedidos non fosen destinados ao uso previsto dentro do prazo sinalado no acordo de cesión, se deixan de selo posteriormente ou o cesionario non cumpre as condicións fixadas no dito acordo, o ministro de Traballo e Asuntos Sociais, logo do informe da entidade xestora ou colaboradora e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, declarará resolta a cesión e acordará a súa reversión a esta, e o cesionario deberá aboar o valor das deterioracións experimentadas nos bens, logo de taxación pericial.

A aceptación pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social do uso ou usufruto de bens inmobles a favor dalgúna entidade xestora ou servizo común da Seguridade Social requirirá autorización previa do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, por proposta da entidade xestora ou servizo común favorecido polo uso ou desfrute.»

Catro. Engádesse un novo parágrafo ao número 1 do artigo 17, coa seguinte redacción:

«Cando o inmovible arrendado estea ocupado por entidades distintas á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e aquelas prevexan deixalo libre con anterioridade ao termo pactado, comunicaranlle ao dito servizo común cunha antelación mínima de tres meses á data prevista para o desaloxo.»

Cinco. O número 3 do artigo 17 queda redactado nos termos seguintes:

«3. Os arrendamentos a que se refiren os dous números anteriores deberanse concertar mediante concurso público, salvo naqueles casos en que a xuízo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou do de Sanidade e Consumo, se se trata de arrendamentos que afecten o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, quede acreditada no expediente a necesidade ou conveniencia de concertalos de modo directo debido ás peculiaridades da necesidade que se ten que satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da contratación debida a acontecementos imprevisibles ou a especial idoneidade do ben para o cumprimento dos fins das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.

Cando a contratación do arrendamento se realice mediante adxudicación directa, será preceptivo o informe previo da Intervención Xeral da Seguridade Social.»

Artigo quinto. *Modificación do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro.*

O Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, modifícase nos seguintes termos:

Un. O parágrafo segundo do número 2 do artigo 61 queda redactado nos termos seguintes:

«Correspóndelle á mutua de que se trate a expedición dos partes médicos de baixa, confirmación de baixa e alta, así como a declaración do dereito ao subsidio, a súa denegación, suspensión, anulación e declaración de extinción, nos procesos de incapacidade temporal derivados das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais correspondentes aos traballadores dependentes das empresas asociadas comprendidos no ámbito da xestión da mutua, nos termos establecidos na normativa reguladora do réxime da Seguridade Social aplicable. Así mesmo, correspóndelle acordar as sucesivas baixas, confirmación de baixa e alta, expedidas nos procesos orixinados polas mesmas patoloxías que causaron procesos derivados das indicadas continxencias correspondentes aos ditos traballadores, nos termos e co alcance antes mencionados, así como a declaración do dereito ao subsidio, a súa denegación, suspensión, anulación e declaración de extinción.»

Dous. O parágrafo terceiro do número 1 do artigo 80 queda redactado nos termos seguintes:

«A declaración do dereito á prestación económica e o seu mantemento efectuarase logo de comprobación de todos os feitos e condicións establecidos no artigo 128 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social e do cumprimento dos requisitos previstos no artigo 130 da mesma lei, así como dos específicos establecidos para esta prestación nos distintos réximes especiais que regulan o acceso ao dereito dos traballadores por conta propia, sen prexuízo do control sanitario das altas e as baixas médicas por parte dos servizos públicos de saúde

nos termos e co alcance establecidos no Real decreto 575/1997, do 18 de abril.»

Tres. O parágrafo segundo do número 2 do artigo 87 queda redactado nos termos seguintes:

«Correspóndelle á mutua de que se trate a expedición dos partes médicos de baixa, confirmación de baixa e alta, así como a declaración do dereito ao subsidio, a súa denegación, suspensión, anulación e declaración de extinción, nos procesos de incapacidade temporal derivados das referidas continxencias profesionais relativos aos traballadores por conta propia adheridos, nos termos establecidos na normativa reguladora do réxime da Seguridade Social aplicable. Así mesmo, correspóndelle acordar as sucesivas baixas, confirmación de baixa e alta, expedidas nos procesos orixinados polas mesmas patoloxías que causaron procesos derivados das indicadas continxencias correspondentes aos ditos traballadores, nos termos e co alcance antes mencionados, así como a declaración do dereito ao subsidio, a súa denegación, suspensión, anulación e declaración de extinción.»

Disposición adicional única. *Achegas para o sostemento dos servizos comúns da Seguridade Social.*

As referencias efectuadas ás achegas para o sostemento dos servizos comúns e sociais da Seguridade Social, por parte de mutuas e empresas colaboradoras na súa xestión, nos artigos 7.c), 71.2, 76.2 e 87.3 do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro; nos artigos 76 e 77 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro; nos artigos 1, 67 e 68, así como no título da sección 1.ª do capítulo III do título II do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, e noutras normas de igual ou inferior rango, entenderanse feitas ás achegas para o sostemento dos servizos comúns da Seguridade Social.

Disposición transitoria primeira. *Subsistencia de táboas e taxas para a determinación de capitais custo de pensións e outras prestacións de carácter periódico da Seguridade Social.*

As táboas de mortalidade e as taxas de interese vixentes para efectuar os cálculos actuariais precisos para a determinación de capitais custo, aprobadas polo Decreto 3581/1962, do 27 de decembro, e demais normas complementarias, a excepción da porcentaxe en concepto de gastos de tramitación e xestión na capitalización, continuarán sendo de aplicación ata a data en que entre en vigor a orde ministerial pola que se fixen os novos criterios técnicos aplicables para o cálculo do seu importe, en desenvolvemento do previsto ao respecto polo artigo 78 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, na redacción dada por este real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Vixencia das sociedades estatais de estiba e desestiba.*

A referencia que no artigo 10.4 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade

Social, na redacción dada polo artigo primeiro.un deste real decreto, se realiza ás agrupacións portuarias de interese económico deberase entender tamén efectuada ás sociedades estatais de estiba e desestiba mentres non culmine o proceso de transformación destas sociedades nesas agrupacións, conforme o previsto no artigo 1 do Real decreto lei 3/2005, do 18 de febreiro, polo que se ampliou o prazo para a referida transformación establecido na disposición adicional sexta da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar cantas disposicións de carácter xeral sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», agás o disposto no número cinco do seu artigo primeiro, que entrará en vigor ao ano da dita publicación.

Dado en Madrid o 5 de setembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

15367 *ORDE TAS/2859/2005, do 14 de setembro, pola que se ditan normas para a aplicación do disposto no artigo 5 do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais. («BOE» 222, do 16-9-2005.)*

O Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais, establece no seu artigo 5, entre outras medidas ao respecto, exencións e moratorias no pagamento das cotas á Seguridade Social nos termos que sinala este.

Pola súa parte, o Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, polo que se aproban medidas en relación coas adoptadas no devandito real decreto lei, especifica no seu artigo 1 o ámbito de aplicación das medidas establecidas nel, estendendo no seu artigo 10 as medidas laborais e de Seguridade Social establecidas no real decreto lei aos subsectores económicos vinculados coas explotacións directamente afectadas polos incendios.

Pola súa vez, a disposición derradeira segunda daquel real decreto lei e a disposición derradeira primeira do dito Real decreto 949/2005 facultan os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, para ditaren as disposicións necesarias e estableceren os prazos para a execución do establecido en tales real decreto lei e real decreto.